

ROTEIRO LITERARIO EN MUROS

OS MUROS SON COITELAS

SAMUEL
L. PARÍS



asociación de
**escritoras
escritores**
en lingua galega
www.aelg.gal


ROTEIRO LITERARIO POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2025

SUBVENCIONADA POR



**Deputación
DA CORUÑA**

COLABORA



**Concello
de Muros**

OS MUROS SON COITELAS

Roteiro literario en Muros

Samuel L. París

Anticipo 1.

Antes de dar un primeiro paso, cómpre explicarse.

Anticipo 2.

—Benvinda, benvido. Podes deixar o paraugas na porta. Un café?

Anticipo 3. Verdades.

Partamos dunha idea clara: un roteiro literario non ten a necesidade de existir.

Con todo, a convocatoria dun roteiro literario sitúa o poeta na posibilidade de decidir tomar parte, sopesar o enfoque, tomarlle o pulso ás oportunidades, argallar a chanza, apalpar os límites.

Anticipo 4. Desta xa vai.

—Se está todo o mundo, comezamos.

Comezamos.

O poeta dá entrada a toda a xente que se apuntou ao roteiro literario á cociña da casa dos seus avós de Muros (véxase *Anticipo 2*). A xente (persoas) vai deixando abrigos, paraugas e elementos ornamentais nos espazos dedicados a tal fin.

O poeta ofrece café que acaba de preparar (véxase *Anticipo 2*).

O poeta senta na mesa da cociña dos seus avós de Muros. A xente que se apuntou ao roteiro literario sitúase arredor da mesa. Alguén toma unha galleta dinamarquesa que lle foi ofrecida.

O poeta sentado e a xente ao redor da mesa (aproximación ao *Anticipo 4*).

Ninguén sabe que vai pasar. Cómpre explicarse (véxase *Anticipo 1*).

O poeta explica lixeiramente quen cre que é.

Pasa de contado a dar pistas sobre o que está acontecendo.

Por que? Motivos que explican a cuestión

Este roteiro existe por estes tres motivos.

1. Porque llo propuxeron ao poeta desde a AELG. É imposible dicir "si" se non hai alguén ou algo do outro lado que propoña. Á AELG o que é da AELG.
2. Polas posibilidades formais para a chanza e a estrañeza que supoñía un formato co que o poeta non está familiarizado en absoluto.
3. Pola cuestión meramente monetaria, dado que é unha actividade pola que se reciben uns cartiños. Mais non por acabar recibindo eses cartos, senón para evitar que os perciban outras ou outros poetas. Capitalismo en negativo: acaparar para baleirar o dos demais¹.


¹ [...] *Cuanto peor, mejor para todos; y cuanto peor para todos, mejor. Mejor para mí, el suyo* [...]

Que? O poeta explica todo o que este roteiro non é.

Cando nunca fixeches nin participaches nun roteiro, xorde a dúbida de por onde tirar.

De primeiras, un pode pensar en facer un percorrido relacionado coa obra doutras autoras ou autores do lugar. Existe a tentación de falar sobre Fabeiro Gómez (*Manolé*), autor de *Follas dun arbre senlleiro* (Benito Soto, 1951) e debullar na relación entre a colección na que viu a luz a obra, Celso Emilio Ferreiro e o propio organizador do roteiro².

Sería unha opción.



Referencia a Manuel Fabeiro en *De Pondal a Novoneyra* de Méndez Ferrín (Xerais, 1984)

Ou poderíase falar sobre a revista literaria *Tapal*³ que Fabeiro dirixiu con Millares en Noia nos cincuenta e que dá conta da vida cultural do momento e conta con sinaturas ben interesantes.

De escoller a opción, sería un camiño a seguir.

² <https://aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/samuel-l-paris/paratextos/9940/se-celso-emilio-fose-punki>.


³ Dispoñible integramente en versión facsimilar na web do CIRP: <https://www.cirp.gal/publicacions/pub-0153.html>.



Portada do número 1 da revista *Tapal* (1951)

De aí, tamén se podería seguir a falar de Xosé María García-Rodríguez, muradán autor de obras como *Río Tambre*. E revisar algúns dos textos que nel se encontran.

Unha opción, certo.



Ou de Marcelino García Lariño (*Marcelo da Rabela*), que no seu *Anaquiños da vila* (que lembra no estilo ás "semblanzas" de Cunqueiro) conta con prólogo do citado Xosé María García-Rodríguez.

Outra posibilidade.




Non obstante, todas estas opcións deberíanse descartar porque o poeta que organiza o roteiro precisa de moito máis tempo e precisión filolóxica para afondar na figura destes tres como merecen.

Hai que ter un aquel de respecto.

Descartado.

Por onde tirar? Podería centrarse na propia vila, na súa historia, na mensaxe a través do tempo que nos envía a súa toponimia. E para iso podería empregarse a obra de Alfonso Blanco *Toponimia de Muros*.



Mais, se for así, que achegaría que o fixese o poeta e non o propio Alfonso? Sería como chucharlle o froito do traballo. E chucharémolo, pero para ubicarnos a favor de vento e nada máis.

Descartamos.

Iso si, podería tratar o roteiro sobre a historia recente, inmediata da vila, a que non foi escrita e que indaga en episodios da muradanía ionqui (que non se reproducen neste texto, pero si se comentarán durante o roteiro⁴).

Descartado.

E sobre a música? Poderíamos mergullarnos no gran legado que deixaron grupos como A Media Ghasta, Trapos Sucios, Metralla, Süiss, John Happy Driver... Ou sobre as primeiras edicións do Castelo Rock, como aquela na que probaron o equipo de son con "Hell's Bells" de AC/DC e as vellas de Muíño do Vento tiveron uns segundos de confusión coas campás que abren a canción pensando: "Toca a morto, pero quen?"⁵.

⁴ O poeta é moi cuco.

⁵ Eramos todas e todos nós.

Descartado isto por inabarcable no curto prazo.

Ademais, con todas estas cuestións (a literatura, a historia, a música...) existía a posibilidade de que no roteiro houbo un destes momias que todo o saben e que o tirase abaixo ao pisar un terreo, en parte, alleo ao poeta.

Optouse, entón, por outro camiño: a mirada interna.

Cando? En serio, cando?

O día máis curto do ano.

Xusto cando comece a abrir o día.

Compartir a tebra.

Domingo 21 de decembro de 2025 ás 9:04⁶.

⁶ Realmente, ía convocarse a semana anterior, o domingo 14, mais ao poeta puxéronlle a cea de empresa o sábado 13 e sabía que o día seguinte ía ser duro. E así foi: o domingo 14 pasouno movéndose no plano horizontal, porque o figado e os riles xa non son o que eran. Un domingo en dúas dimensións. Domenica 2D. Iso si, a argumentación respecto da elección da data e a hora gañou moito.

Canto? O roteiro dura ata que se acaba

Tempo: duración dunha hora e pico.

Está ben liberarse da poesía antes das 10 e media do día.

A poesía é para as mañás. Non o esquezades.

Como se mira un dentro e crea un roteiro? Como?

O roteiro tomará a seguinte designación: "Os muros son coitelas".

Aquí explícase o poeta:

—A comezos dos noventa íamos en tropa a aulas de fútbol a Miraflores. Os sábados á mañá. Creo que era Kiko quen facía de monitor ou adestrador. Alí íamos. Subiamos pola Perriola e por alí, corredoiro mediante, enganchabamos coa estradiña que sobe ao polideportivo. Nesa corredoiro había un muro de bloques dunha finca que tiña a parte superior rematada con botellas rotas. Creo que lle tiven que preguntar máis adiante a alguén de que ía iso de poñerlle botellas rotas á parte superior dun muro.

Os nomes dos lugares parece que perden o significado, pero "muro" significa "muro".

Muros leva sendo Muros desde hai cousa de mil anos polo menos⁷. E xa antes de termos unha muralla o eramos. E se somos muradáns é porque estivemos "murados".

Estar dentro.

Aquí vén outra.

Sendo de Muros, polo mundo adiante es de Muros e cando volves a Muros non es precisamente de Muros. Seguramente a túa identidade non parta da mirada de quen te observa baixando do Castromil⁸ ou de quen sabe que só vés vagar; mais tampouco dunha irradiación do ego a modo de autodeterminación baleira.

Ser dun sitio é querer ser dun sitio? Podemos ser de Muros ou ser simplemente de muros.


Camiño que non conduce a ningún sitio.

Avancemos. Os muros son coitelas.

⁷ Referenciado en 1158 como "Pobra de Muro" (Blanco Quintela, 2023).

⁸ [https://gl.wikipedia.org/wiki/Castromil_\(autocares\)](https://gl.wikipedia.org/wiki/Castromil_(autocares)).

Onde? E por onde? (1 de 4)




Parte o roteiro da casa dos avós do poeta. En Muíño do Vento.

O poeta recita un poema inédito sobre a denominación "casa dos avós" e a semántica do que xa non é⁹.

Comeza (véxase *Anticipo 2*) na cociña dos avós coa explicación anteriormente sinalada e reflexións sobre toda a poesía que apareceu nesa mesma casa, como alí o poeta descubriu Edicións Positivas e todo o que iso comportaba, incluíndo un descubrimento recente que vinculaba a obra publicada pola editorial *Toca o piano borracho como un instrumento de percusión ata que os dedos comecen a sangrar un pouco* de Bukowski e que foi traducido por un veciño e que se exemplifica aquí nunha mensaxe entre o poeta e o editor.

⁹ Non se reproduce aquí ese poema (1) porque ás veces hai cuestións que deben quedar no momento no que son executadas e (2) porque o poeta évos moi cuco e pensa que o que garda sempre ten.



Onde, tamén, se escribiron poemas moi á defensiva (os muros son coitelas), mais iso xa se sabe e o roteiro avanza cara ao exterior da vivenda.

Os muros son coitelas.

Onde? E por onde? (2 de 4)

O poeta achégase ao peche da finca da casa dos seus avós. Conduce o grupo alí e conta unha anécdota que exemplifica, desde o plano familiar, que os muros son coitelas¹⁰.



Recita o texto "Arma tristemente ambiciosa" do poemario *O tenro é o salvaxe* (Galaxia, 2025) amosando a conexión coa anécdota familiar. Hai ironía e enténdese o xogo. Os muros son coitelas.

A seguir, o poeta recita o texto "Abraza a escuridade" do anteriormente mencionado libro de Positivas e pono en relación co seu texto "Montelouro", do poemario *Inflamable* (Positivas, 2012).

Chove e mesmo hai un arco da vella na escena, pero non perdamos o foco. Avancemos.

¹⁰ Non se reproduce aquí esa anécdota (1) porque, ás veces, hai cuestións que deben quedar no momento no que son executadas e (2) porque o poeta évos moi cuco, etc.

Onde? E por onde? (3 de 4)

A seguinte parada é a Alameda. O poeta fala de autobuses, de agardar, de camiños, de xogar (fala demasiado de xogar), de presión, do centro médico que había antes alí, de como o tempo pasa por riba de todo e de anécdotas de violencia infantil con animais xa mortos.



Sobre todo fala de xogar e conecta iso con experiencias como aquel ano cando escribiu un poemario á semana, cando o poeta escribiu un poemario completo a man (*Tratado de dinámica e chamanismo*) e entregouno en 25 exemplares (todos diferentes) a quen o encargou, cando enviou poemas inéditos en postais... Estas cousas. E tamén da *Internacional de poesía anarquista* (Positivas, 2020). E mirando a igrexa onde foi bautizado, recibiu a comunión e se despediu de moitos seres queridos, o poeta le un texto desa "antoloxía".

O poeta tamén le "Todos os deuses que non vimos espertar" do poemario *O único e verdadeiro deus das cousas que están feitas un cristo* (Positivas, 2024). Un enredar. Un aceptar.

O roteiro avanza. Avancemos canda el.

Onde? E por onde? (4 de 4)

O roteiro chega á súa fin no Curro da Praza.

A praza na que o poeta considera que naceu e pasou os seus primeiros anos. Mirando a Casa do Concello, onde na infancia do poeta estaba sita a biblioteca municipal, o poeta le o texto "Caderno azul" do libro *O tenro é o salvaxe* (Galaxia, 2025).

Os muros son coitelas, pero hai que saír do muro e aceptar a posible ferida.

E aquí remata o roteiro.

Avancemos.

Bibliografía

Ademais das obras do propio poeta que non citaremos porque xa abunda, estes son algúns dos libros que se referenciaron ao longo do roteiro:

- BLANCO QUINTELA, ALFONSO: *Toponimia de Muros*, Real Academia Galega, 2023.
- GARCÍA LARIÑO, MARCELINO: *Anaquiños da vila*, Asociación de Profesionais e Empresarios Ría de Muros, 1995.
- GARCÍA-RODRÍGUEZ, XOSÉ MARÍA: *Río Tambre*, Galaxia, 1973.
- MÉNDEZ FERRÍN, X. L.: *De Pondal a Novoneyra*, Xerais, 1984.

Mencionáronse outros e tivéronse en conta máis, pero o poeta évos moi cuco, etc.